



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
Dirección Xeral de Xuventude,
Participación e Voluntariado

Edificio Administrativo San Lázaro, 3ª planta
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 981 54 54 00



GUÍA DE RECOMENDACIÓNS XERAIS HIXIÉNICO-SANITARIAS ANTE O REINICIO DA ACTIVIDADE PRESENCIAL DAS ESCOLAS DE EDUCACIÓN NO TEMPO LIBRE DE GALICIA

1 de xuño de 2020

INTRODUCCIÓN

En base á normativa en vigor para o desconfinamento progresivo e á información e ás recomendacións das autoridades sanitarias, elabórase esta guía de recomendacións xerais e medidas de contención dirixidas á Rede de Escolas de Educación no Tempo Libre de Galicia. A guía ten como finalidade orientar as súas actuacións na fase de reactivación da súa actividade e contribuír a garantir a saúde e seguridade das persoas traballadoras e do alumnado.

As previsións desta guía poderán verse modificadas en función da normativa posterior á elaboración deste documento.

INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE COVID-19

O SARS-CoV-2 é un novo tipo de coronavirus que pode afectar ás persoas causándolles a enfermidade COVID-19. O período de incubación medio é de 5-6 días, variando de 1 a 14 días. O 97,5% dos casos sintomáticos desenvólvense nos primeiros 11 días e medio tras a exposición.

Transmítese por contacto directo coas pingas respiratorias que se emiten coa tose ou o esbirro dunha persoa enferma. O seu contaxio depende da cantidade do virus nas vías respiratorias. Estas pingas infectan a outra persoa a través do nariz, os ollos ou a boca directamente. Tamén poden infectar ao tocar o nariz, ollos ou boca coas mans que tocaron superficies contaminadas por estas pingas. Parece pouco probable a transmisión polo aire a distancias maiores de 2 metros. Actualmente considérase que a transmisión da infección comeza 1-2 días antes do inicio de síntomas. A maioría das persoas adquiren a COVID-19 doutras persoas con síntomas.

Non se sabe con certeza canto tempo sobrevive o virus causante da COVID-19 nunha superficie, pero parece comportarse como outros coronavirus. Os estudos realizados (incluída a información preliminar dispoñible sobre o virus da COVID-19) indican que os coronavirus poden subsistir nunha superficie desde unhas poucas horas ata varios días. O tempo pode variar en función das condicións (por exemplo, o tipo de superficie, a temperatura ou a humidade ambiental).

Os síntomas máis comúns son febre, tose, sensación de falta de aire e outros síntomas considerados de sospeita de infección segundo o criterio clínico. A maioría dos casos presentan síntomas leves e pode haber persoas que non presenten

síntomas. En casos máis graves a infección pode causar pneumonía, dificultade importante para respirar, fallo renal e mesmo o falecemento.

Os principais grupos vulnerables son as persoas con diabetes, enfermidade cardiovascular, incluída hipertensión, enfermidade pulmonar crónica, inmunodeficiencia, cancro en fase de tratamento activo, embarazo e maiores de 60 anos.

O maior risco de contaxio céntrase no persoal sanitario asistencial e non asistencial que atende un caso confirmado ou en investigación con síntomas, cun contacto estreito. En xeral, débense considerar de maior risco aquelas profesións nas que se poida producir un contacto estreito con persoas infectadas.

En tanto non exista un tratamento eficaz, a mellor maneira de previr a enfermidade é evitar o contacto entre persoas e cumprir coas medidas de hixiene e limpeza, sempre apelando á responsabilidade individual e colectiva para evitar a transmisión.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) declarou o pasado 30 de xaneiro a situación de “emerxencia de saúde pública de importancia internacional”. Posteriormente, o 11 de marzo de 2020 declarou á COVID-19 como pandemia a nivel mundial.

En España, o 14 de marzo de 2020, o Consello de Ministros aprobou o Real Decreto 463/2020 polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada pola COVID-19, e o 28 de abril o Plan para a transición cara unha nova normalidade, establecendo catro fases. En función das citadas fases íranse modificando as medidas e as obrigas.

RECOMENDACIÓNS XERAIS PARA AS ESCOLAS DE TEMPO LIBRE

1. Medidas organizativas

En virtude do artigo 50 da Orde SND/414/2020, do 16 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 2 do Plan para a transición cara unha nova normalidade, artigo engadido pola Orde SND/440/2020, de 23 de maio, as escolas de educación no tempo libre (ETL) de Galicia poderán reiniciar a súa actividade

presencial a partir do día 25 de maio. Enténdense incluídas no: *Artículo 50. Otras actividades educativas o de formación.*

Ante a falta dun protocolo único para as escolas de educación no tempo libre do conxunto de España, é preciso adoptar unha serie de recomendacións xerais para facilitar a reactivación da actividade das ETL existentes en Galicia, en sintonía coas existentes para outros colectivos da comunidade autónoma. Deste xeito, deberán prestar especial atención ás seguintes pautas:

- Non se poderá superar un terzo do aforo da aula, sen prexuízo do que establezan regulacións posteriores.
- Deberá garantirse a distancia de seguridade interpersoal de dous metros, agás que se habiliten elementos de protección colectiva nos diferentes postos onde se realicen as actividades formativas (anteparos, mobiliario con altura suficiente para que sirva de barreira física, etc.) ou que se empreguen máscaras.
- Para cumprir as exixencias de aforo e distanciamento poderá dividirse o alumnado dun mesmo curso e da mesma materia en dúas sesións.
- Priorizaranse as sesións formativas ao aire libre.
- Poderase combinar a formación online coa presencial, tamén nos cursos novos, tal e como se recolle na Instrución da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado do 1 de xuño, dirixida ás escolas de educación no tempo libre de Galicia para os efectos de ampliar aos novos cursos que se convoquen a posibilidade de compatibilizar a formación presencial coa formación online.
- Organizarase o percorrido de entrada e saída para dirixir o fluxo de persoas que entran e saen do centro co fin de evitar o contacto.
- O alumnado utilizará o mesmo mobiliario durante a totalidade do curso.
- Limitaranse os desprazamentos o máximo posible.
- O número de persoas que utilicen os ascensores, se existen, deberá ser aquel que permita manter a distancia de seguridade. Utilizaranse as escadas de forma preferente, cando sexa posible.
- Na medida do posible manteranse as portas abertas con cuñas e outros sistemas.

- Nomearanse as persoas responsables de garantir que sempre estean cheos os dispensadores de xel hidroalcolico.

2. Medidas hixiénico-sanitarias

- As persoas traballadoras e o alumnado deberán responsabilizarse da súa situación particular fronte á Covid-19, de tal xeito que se algún presenta síntomas asociados con ela non acudirá e contactará coa escola.

- As escolas deberán poñer a disposición das persoas traballadoras e do alumnado, e en todo caso na entrada da aula ou do centro, dispensadores de xeles hidroalcolicos ou desinfectantes con actividade virucida autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade, que deberán estar sempre en condicións de uso.

- Colocaranse contedores con tapa, pedal e bolsa recambiables, onde se desbotará o material de protección e hixiene persoal (máscaras, luvas, panos...), así como o material empregado para a limpeza.

- Ventilarase o espazo como mínimo de forma diaria e durante o tempo necesario para asegurar a renovación do aire. Reforzarase o mantemento dos sistemas de climatización e ventilación.

- Deberá realizarse, ao menos dúas veces ao día, unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto máis frecuentes (mesas, pomos das portas...), conforme ás seguintes pautas:

a) Unha das limpezaas realizarase, obrigatoriamente, ao finalizar o día.

b) Utilizaranse desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) acabadas de preparar ou calquera dos desinfectantes con actividade virucida que se encontran no mercado e que teñan sido autorizados e rexistrados polo Ministerio de Sanidade.

c) Tras cada limpeza os materiais empregados e os equipos de protección desbotaranse de forma segura, procedéndose posteriormente ao lavado de mans.

- Manterase a ventilación dos aseos permanentemente e indicárase que os inodoros se descarguen coa tapa pechada. Os aseos limpanse varias veces ao día.
- Evitárase a limpeza en seco e realízase, pola contra, arrastre húmido (quitar o po depositado en mesas e obxectos con auga e xabón e non con trapos secos).
- Evitárase varrer e o uso de aspiradoras e utilizaranse mopas dun só uso.
- Os ascensores, se existen, serán obxecto de limpeza continuada. Cando se faga uso das escadas, evitárase o contacto co pasamáns ou ben lóvanse intensivamente as mans tras o contacto con este.
- Se houbera máquinas que se activan polo tacto retiráranse. No caso de non ser posible desinfectáranse as mans antes e despois do seu uso. A limpeza deberá ser especialmente exhaustiva nos puntos de contacto directo co usuario.
- Recoméndase a non utilización de dispensadores de auga con botella. No caso de se utilizaren cada usuario ha de extremar a hixiene dos obxectos que utilice: non se permitirá voltar a encher as botellas directamente embocadas no surtidor, será obrigatorio lavar con auga e xabón os vasos persoais antes de os utilizar no dispensador e será obrigatorio limpar con papel desbotable e xel hidroalcolico o botón do dispensador antes de ser utilizado. Non se deberá beber directamente das billas.
- Deberá evitarse, na medida do posible, o uso de materiais compartidos durante as sesións. No caso de ser preciso compartir materiais aumentáranse as medidas de precaución, desinfectándoos tras cada uso.
- Utilizarase o menos posible o papel. O profesorado que o reparta lavará ou desinfectará as mans antes e despois de realizar esta tarefa.
- Formáranse ás persoas traballadoras e informárase ao alumnado sobre as medidas organizativas e hixiénico-sanitarias previstas. Colocarase carteis informativos en lugares visibles e estratéxicamente situados. Este tipo de información pode consultarse e descargarse na páxina web <https://coronavirus.sergas.gal/>.

3. Medidas de protección individual

- Tanto o profesorado como o alumnado empregará máscara cando a sesión se realice no interior ou ao aire libre e non sexa posible manter a distancia interpersoal de seguridade de dous metros, agás que se habiliten elementos de protección colectiva como anteparos, mobiliario que sirva como barreira física, etc.

- O uso de máscara non debe nunca obviar a importancia do seguimento estrito das medidas recomendadas para a poboación en xeral para a prevención da infección por coronavirus, tales como:

- I. Importancia de manter a distancia de seguridade.
- II. Unha hixiene de mans frecuente con auga e xabón ou solucións hidroalcohólicas.
- III. Ao tusir ou esberrar, cubrir a boca e o nariz co cóbado flexionado.
- IV. Usar panos desbotables e tirar estes tras o seu uso.
- V. Evitar tocar os ollos, o nariz e a boca.

